

ASEMBLEA DE FEBREIRO – PROXECTO CÁRCERE

Martes 18 de febreiro de 2014

20:30h

Casa da Fariña

Asisten: Javi, Patxi, Mariola, Pepe, Carmen, Tono, Alberto, Laura, Antía (para facer un traballo sobre asociacións da cidade).

Jail Art:

Clausura da exposición no Villatuerto, venres 28 ás 21h, para facelo antes do Entroido. Xestións por parte de Carmen con músicos e xente de Manicómicos, difícil por coincidencia de datas.

Inauguración no Mentireiro. Inicialmente o venres 7; por coincidencia coa radio acórdase falar con Rubem Centeno para adiala e facela o sábado 8. Van facer falla máis obras, xa que o espazo é maior. Actuación de Marcos Casás e obra “O vestido de noiva”. Posibilidade de proxectar o vídeo de Ánxela Caramés. Hai que colocar o venres á tarde ou pedir as chaves e facelo o sábado pola mañá.

Propostas de financiamento:

Mercadiños e obradoiro de camisolas. Consultar para facer un mercadiño de segunda man en “A dúas mans” e no mercado mensual do Barrio das Flores (páganse 5kg de comida).

Proposta de falar con outros colectivos e organizar un mercado. En principio preferimos as outras opcións por estar xa establecidas.

Xornada “Espazos públicos e participación cidadá”

Desestimada

Encontro da Rede Transibérica en maio

23, 24 e 25 de maio. Hai que organizar o lugar de celebración, aloxamento e catering. PC pon énfasis en conseguir que asistan colectivos e espazos galegos, e que sexa unha temática que nos interese. Pendente consultar a que se adican os cartos da inscrición, e se é posible non cobrala. Persoa de contacto actual coa comisión da Transibérica correspondente: Laura.

Grupo adicado á preparación: Patxi, Tono, Carmen, Laura. Reunión o luns 24 ás 20.30h.

Grupo artístico PC

No aire.

Convocatoria fotográfica

Convocatoria por parte de PC para que a xente envíe fotos de espazos abandonados da Coruña e comarca, con vistas a imprimir alomenos algunhas delas e expoñelas ao público (por exemplo, no cárcere). Ocúpase Mariola.

Varios

Okupación. Acción para denunciar o abandono do cárcere por parte das administracións. Chamada a unha “okupación” con previsible asistencia de policía e prensa. Opinións divididas. Fórmase comisión: Mariola, Tono, Laura.

Non hai debate aberto.